



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

LIBROS DE TEXTO: FONDO SOLIDARIO E AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2021/22

O xoves, 20 de maio publicouse no DOG a orde do 6 de maio que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o alumnado (código do procedemento **ED330B**). Esta orde contempla dúas modalidades de gratuidade dos libros de texto:

- a. Participación no **fondo solidario** de libros de texto, no noso centro para o alumnado que actualmente cursa 2º e 3º de educación primaria (asignaranse os libros por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar). Tamén para o alumnado de 6º de Primaria, que pasa para o instituto.
- b. **Axudas para mercar** os libros de texto nos cursos de 1º e 2º (210€ para rendas per cápitas iguais ou inferiores a 6.000 € e 140 € para rendas entre 6.000 e 10.000 €).

Ademais refírese ás axudas para adquirir **material escolar** para toda a educación primaria, serán 50 € para rendas iguais ou inferiores a 6.000€.

SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario (anexo I) dispoñible na aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Opcionalmente poderanse presentar presencialmente no colexio (alumnado de 6º no instituto), ben sexa a solicitude previamente cuberta na aplicación Fondolibros e impresa, ou ben sexa cuberta de xeito manual. Utilizarase o formulario normalizado, **anexo I**, dispoñible na páxina web do centro, na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> ou no portal educativo, <http://www.edu.xunta.gal>. Cada familia presentará unha única solicitude para todas as modalidades (fondo, axudas e material) e para todos os fillos e deberá



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumno/a. O prazo para presentar as solicitudes rematará o día 22 de xuño de 2021.

DOCUMENTACIÓN:

- Anexo I (solicitud) e Anexo II (comprobación de datos dos membros computables das unidade familiar a 31 de decembro de 2019. No caso de opoñerse a esta consulta deberán entregar outra documentación complementaria)
- Copia do libro de familia ou documento acreditativo do número de membros computables. En caso de separación deberán achegar sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia
- Calquera outra documentación acreditativa de situacións concretas: discapacidade, violencia de xénero, acollemento...

Sigüeiro, 21 de maio de 2021

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA: *A renda per cápita é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do 2019 entre o número de membros computables. Hai que sumaras rendas de cada un dos membros computables da familia; se presentaron declaración, sumarase o recadro 435 máis o 460, se non se presentou teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*